

Guía rápida sobre o Diploma Dual

www.academica.school | info@academica.school



ACADEMICA

INTERNATIONAL
STUDIES



Guía rápida sobre o Diploma Dual

1 Que ofrece o Diploma Dual?

O Diploma Dual ofrece a posibilidade de obter dúas titulacións á vez: o bacharelato do país de orixe, de maneira presencial, e o *American High School Diploma*, en liña.

2 O alumno está matriculado nos Estados Unidos?

Si. Unha vez aceptada a súa solicitude, o alumno queda matriculado no American High School Diploma como calquera alumno estadounidense de Academica.

3 Que nota de acceso se lle pide ao alumno?

Aínda que, en xeral, recoméndase ter unha media de 7, non hai unha nota de corte. Para acceder ao programa analízase o conxunto de materias cursadas e superadas e realízase unha avaliación do nivel de inglés.

4 En que curso se pode empezar o Diploma Dual Americano?

En 3º da ESO, 4º da ESO ou 1º de Bacharelato.



5 Que grao de esforzo lle esixe ao alumno?

O equivalente a unha actividade extraescolar máis. É dicir, entre 3 e 5 horas semanais, dependendo do nivel de inglés inicial e do curso escolar en que se empezase.

6 Cantas materias terá que cursar en total?

A excelencia do Diploma Dual permítelle a Académica validar o 75% dos 24 créditos que se esixen para obter o *American High School Diploma*. Un alumno español só terá que cursar seis créditos (catro materias obrigatorias e dúas electivas).

7 Que vantaxes lle ofrece o Diploma Dual ao alumno?

O Diploma Dual é un programa interdisciplinario con énfase na inmersión educativa en inglés, a capacitación tecnolóxica e o desenvolvemento persoal do alumno.

O programa curricular do Diploma Dual Americano inclúe contidos interesantes aos que normalmente non tería acceso e que supoñen un enriquecemento persoal e académico. A posibilidade de unirse a clubs sociais (de xornalismo, de artes, de fotografía...) permítelles relacionarse con outros estudantes coas súas mesmas inquietudes.

Por outra banda, cursar a dobre titulación de Bacharelato indica que o alumno ten habilidade e disciplina, así como a capacidade para afrontar o reto de compaxinar unha dobre titulación, calidades que son moi demandadas no mercado laboral.



8 Que materiais necesitará o alumno?

Un ordenador con conexión a internet e uns auriculares con micrófono. Academica facilitaralle todo o necesario para o acceso ás plataformas de contidos e actividades, así como para a comunicación con profesores e alumnos.

9 Que garantía de calidade ofrece o Diploma Dual Americano?

Total, xa que os alumnos que cursan este programa reciben a mesma titulación que os estudantes estadounidenses, con validez en todos os estados e recoñecida por todas as universidades do mundo.

10 Quere preguntar algo máis?

Entendemos que ás veces é máis doado falar en persoa. Por favor, non dubide en contactar connosco directamente. Ou tamén coa dirección do Diploma Dual nos máis de 250 colexios adheridos ao programa en España, que ha de poder responder a calquera pregunta que teña ou convidala/o a unha das conferencias informativas que se organiza en cada colexio.

